

A MARAÑA DAS PALABRAS. FAINO TI!

As pezas do xogo: palabras, fíos, ollos miopes, espazo, o tempo da xornada.

Esta proposta contén instrucións escritas coa finalidade de que participes nela e poidamos observar os efectos de conversión dunha obra, xogando coa idea da interpretación mutante como principio. Así, do encontro nesta xornada xurdirá a idea dunha obra aberta coa colaboración e participación de todas e todos. O importante son as diferentes capas de interpretación subxectiva, realizada nun tempo e nun espazo. Os significados multiplícanse coa incorporación ou co movemento de cada elemento e coas diversas interpretacións que se van engadindo á maraña.

Materiais á túa disposición:

- Tiras de papeis escritas
- Tiras de papeis en branco
- Rotuladores
- Clips
- Pinzas
- Bobinas de trapillo
- Tesoiras

CRUZAMENTO 1- A MARAÑA

- Cando chegues ao espazo da xornada atoparaste cunha maraña de fíos e palabras iniciada pero coas bobinas de fío no chan para que a continúes, uníndoas, desprazándoa, subíndoas ou cortándoa.
- Non hai regras, só non impedir o paso.

CRUZAMENTO 2- AS PALABRAS

- Na maraña verás fíos colgando agardando polas túas palabras, aquelas que traes e as que van xurdindo ao longo da xornada e sexan significativas para ti.
- Podes utilizar tamén as palabras que xa están escritas e atoparás á túa disposición.
- Pendúraas dos fíos cos clips ou con pinzas.

CRUZAMENTO 3- PENSAR-NÓS

- Observa a proxección.
- Que pensas? Recolle eses pensamentos en papel (escritos, diagramas, imaxes...) e búscalle un lugar no mural xunto á escaleira.